

Comedia macabra para os máis pequenos

O escritor Antonio M. Fraga publica 'Papá caníbal', unha historia que mestura terror e humor ilustrada por Santy Gutiérrez

[Marta Otero Mayán](#) A Coruña

31 de outubro de 2021

<https://www.laopinioncoruna.es/coruna/2021/10/31/comedia-macabra-mais-pequenos-58997589.html>

“Sempre defendín que calquera tema se pode tratar sempre na literatura, se se mira coa óptica adecuada”. O escritor Antonio Manuel Fraga, nado en Pontedeume pero nacionalizado en Monte Alto, opta por non subestimar as entendedeiras das crianzas ás que vai dirixida *Papá caníbal*, unha historia de comedia macabra na que fai dupla co ilustrador Santy Gutiérrez, que conta en imaxes a historia de Fedora, unha rapaza que, farta de que o abusón da escola se meta con ela, decide asustalo contándolle que o seu pai é un caníbal.

O *Efebeí*, un policía fóra de servizo, inicia unha investigación pola súa conta sobre o suposto caníbal para tentar recuperar o prestixio perdido e poder reincorporarse ao traballo. O final do conto está á carta do lector. O humor e a intriga están aseguradas.

Chegou o momento de falar de canibalismo coa cativada? “É unha comedia con humor macabro, aí está o canibalismo bailando, non sabes se é un recurso ao que ela recorre para que o abusón do cole deixe de molestala, ou foi unha ocorrencia que se fai bola de neve e que vai medrando”, explica Fraga.

O autor, premio Xerais pola súa obra de narrativa xuvenil *Santoamaro*, trae a historia perfecta para un *Halloween* (ou *Samaín*, que hai opcións para todos os gustos) caracterizado polos temas vetados e os disfraces prohibidos. “Son temas que lles apaixona e que lles dan morbo, e que non foron tocados polo tabú arredor da morte. É un xeito de ampliar as fronteiras das ficcións infantís, e de introducir novas narrativas”, conta o autor. A literatura dirixida ao público infantil debe, por enriba de todo, entrar polos ollos dos avezados e incipientes lectores, para os que non sirve calquera cousa. En *Papá caníbal*, a historia do interior suxire grazas ao lapis do ilustrador Santy Gutiérrez, que dá forma con acerto ás personaxes e as situacións que se contan. “Nunca traballara con Santy, e fíxeno a proposta de Xerais. A experiencia foi unha pasada”, relata.

Ambos autores complementábase sen necesidade de máis comunicación que a confianza de deixar a túa historia en mans dunha segunda ollada, coa certeza de que o resultado pagará a pena. “Non tiven que dicirlle fai isto así e isto outro deste xeito. A interpretación que fixo das

personaxes foi, en moitos casos, semellante á que tiña eu; e noutros, fixo algo completamente diferente ao que eu pensara, e iso foi marabilloso. Penso que gañou enteiros e fixo que a historia se revalorizara”, asegura Fraga.

O elemento escollido para a portada, un pé seccionado á altura do nocello (debuxado con elegancia, iso si) serve a ese propósito de entrar polos ollos dos cativos. “Fixo una entrada super potente, cun pé en primeiro plano. Xa vai chamar a atención entre outros libros por ser “o libro do pé”, aventura Fraga.